

Pasaron os días fríos de neve, e tamén as interminables semanas de vento e chuvia. As tardes foron facéndose máis longas, e o sol aínda estaba no ceo cando Diana volvía á casa.

Un día, cando baixou do autobús, escoitou o canto do cuco. Diana sorriu; sabía que iso significaba que a primavera xa estaba ás portas. E axiña se empezou a manifestar nos prados, que se encheron de pequenas margaridas, e nos gromos que saían nas árbores e no piar alegre dos paxaros.

Agustín Fernández Paz: *As fadas verdes*, Ed. SM (adaptación).

**1** Que escoitou Diana ao baixar do autobús?

.....

**2** Que significa a expresión «a primavera estaba ás portas»?

.....

**3** Que cousas, segundo o texto, cambian ao pasar do inverno á primavera?

.....

.....

.....

.....

.....

**4** Copia o nome da flor que se menciona e escribe outros tres.

.....

**5** Busca no texto un sinónimo das seguintes palabras:

pronto – .....      chiar – .....

**6** Escribe o diminutivo de todas as palabras subliñadas no texto:

.....

.....

7 Substitúe o subliñado por un pronome persoal:

– Diana sorriu. ....

– Os paxaros piaban alegres.

.....

– O cuco cantou. ....

– As fadas anunciaban a primavera.

.....

8 Rodea e copia as palabras con **b** que hai no texto.

.....

9 Le este poema e responde as preguntas:

O vello cantaba  
unha lembranza.

O mozo cantaba  
unha esperanza.

O neno cantaba  
unha louvanza.

Pobo meu: pois que cantas,  
érguete e anda.

Celso Emilio Ferreiro: «Canción», en *Os nosos versos*, Edicións Xerais.

• Cantas estrofas ten o poema? .....

• Cantos versos ten cada estrofa? .....

• Rodea a última palabra de cada verso. Que vogal se repite? .....

• Inventa ti outra palabra que rime .....

• Como se chaman as estrofas de dous versos que riman entre eles?

.....